

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO**E D I C T O*

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2019, aprobou o Plan Económico-Financeiro SIN MEDIDAS ADICIONAIS, por un gasto non recorrente, do Grupo Concello de Vigo que rexerá para os anos 2019 e 2020, que ten como resultado dar cumprimento aos obxectivos previstos para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020 en canto á Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Plan queda sometido á mesma publicidade que a prevista no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En aplicación do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Plan Económico Financeiro do Grupo Concello de Vigo para os anos 2019-2020.

LG/

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asinado electronicamente

Abel R. Caballero Alvarez

